



## CONVOCATORIA DE BOLSAS 2018 / 2019 PARA ESTUDANTES CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A Universidade da Coruña convoca **20 bolsas** en réxime de concorrencia competitiva, para estudantes con necesidades educativas especiais matriculados nos centros da Universidade da Coruña. A presente convocatoria, que conta cun orzamento de 21.540 euros, axústase ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Bases de execución do orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2018, en canto resulte de aplicación, e a Lei orzamentaria.

### OBXECTO DAS BOLSAS

O obxecto das bolsas é a promoción e o apoio ao estudo de todos aqueles estudantes da Universidade da Coruña con necesidades educativas especiais que teñan recoñecida legalmente a condición de minusvalía. Preténdese deste xeito apoiar o/a estudante cunha cuantía económica que lle permita afrontar mellor os problemas cotiáns (barreiras de comunicación, dificultades no desprazamento á universidade ou na utilización de materiais de traballo, etc.) que supoñen importantes obstáculos para o normal desenvolvemento e aproveitamento da actividade académica.

### CONDICIÓNS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1. Estar matriculado/a no curso 2018/2019 na Universidade da Coruña, nunha titulación oficial (Diplomatura, Licenciatura, Terceiro Ciclo, Grao, Mestrado).
2. Ter recoñecida legalmente a condición de minusvalía.

### FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A formalización das solicitudes deberase facer mediante instancia oficial (Anexo I). O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre o día da publicación da presente convocatoria no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica da UDC e o **11 de outubro do 2018**, ata as 14:00 horas. As solicitudes entregaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña) ou nos Rexistros Auxiliares: Campus de Elviña , 15071 A Coruña, Campus de Ferrol, Avda. de Vigo s/n, Esteiro, 15403 Ferrol.

## PROCEDIMENTO E CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS BOLSAS

Os criterios de concesión da bolsa serán os resultantes de avaliar:

1. O tipo e alcance da minusvalía acreditada.
2. O grao de interferencia desta no axeitado desenvolvemento das actividades académicas.
3. O expediente académico do estudante.
4. A súa situación económica
5. O contar con outras bolsas, públicas ou privadas, destinadas á mesma finalidade.

Xunto coa instancia persoal, os alumnos achegarán:

1. Unha copia do impreso de pago das taxas de matrícula do presente curso 2018/2019.
2. Unha copia do expediente académico coas súas cualificacións.
3. Fotocopia do DNI.
4. Documento oficial de recoñecemento legal da minusvalía, expedido polo órgano competente.
5. Unha fotocopia completa cotexada da declaración da renda das persoas físicas referida ao ano 2017 ou solicitude de devolución do ano 2017 tramitada pola AEAT.
6. Breve descrición, en declaración xurada, das dificultades que presenta o estudante cara ao desenvolvemento da súa actividade académica, indicando a finalidade á que destinaría a bolsa.
7. Declaración xurada onde se indique se se perciben outras axudas, públicas ou privadas, destinadas á mesma finalidade.
8. Certificado do IBAN da conta bancaria onde o/a estudante desexa recibir o ingreso (o/a solicitante debe figurar como titular).
9. Cantos documentos estime conveniente a persoa solicitante e que acrediten a necesidade de acceso á bolsa.

## DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO

A dotación económica total de cada bolsa é de 1.077 euros brutos. O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0900090010 422D 480.00. Ao importe bruto seralle de aplicación o previsto no artigo 7 do Real Decreto legislativo 3/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe da bolsa farase nun único pagamento que se fará efectivo neste exercicio económico na conta bancaria que sinale o/a estudante.

## ÓRGANOS COMPETENTES

A selección realizaraa a Comisión sinalada no Anexo II.

## OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

As persoas seleccionadas estarán obrigadas a destinar a cuantía recibida á finalidade pola que se concede. A Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e a Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) poderán comprobar os datos contidos na solicitude de bolsa e verificar o cumprimento da súa finalidade. A presentación da solicitude da bolsa implicará por parte da persoa interesada a autorización á Universidade da Coruña para requirir dos órganos ou administracións pertinentes aqueles datos ou comprobacións que se estimaren oportunas respecto ao cumprimento dos requisitos da convocatoria.

As persoas seleccionadas non adquiren ningunha relación laboral nin administrativa coa Universidade da Coruña.

## RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Unha vez que remate o proceso de avaliación das solicitudes publicarase a relación provisional das solicitudes concedidas e denegadas, xunto coa causa que implica a súa denegación.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 7 días hábiles para achegaren a documentación que permita emendar os erros apreciados.

Posteriormente publicarase as relacións definitivas das solicitudes concedidas e denegadas así como a correspondente lista de agarda, de ser o caso.

Todas as listaxes publicarase no taboleiro electrónico da UDC. Esta publicación, así como os sucesivos actos de procedemento de concesión cuxa publicación se determina nesta convocatoria, cumprirán cos efectos previstos nos artigos 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 18 de setembro de 2018

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE BOLSAS PARA ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA  
CORUÑA CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**

**CONVOCATORIA CURSO 2018-2019**

**NOME:**

**ENDEREZO DURANTE O CURSO:**

**POBOACIÓN:**

**CÓDIGO POSTAL:**

**TELÉFONO NA CORUÑA / FERROL OU FAMILIAR:**

**CORREO ELECTRÓNICO:**

**ALUMNO DA ESCOLA/FACULTADE:**

**TITULACIÓN:**

A Coruña/Ferrol,

de

de 2018

**ASDO.:**

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- COPIA DO IMPRESO DE PAGO DAS TAXAS DA MATRÍCULA.
- COPIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.
- FOTOCOPIA DO DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE.
- DOCUMENTO OFICIAL DE RECOÑECIMENTO LEGAL DA MINUSVALÍA, EXPEDIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE.
- FOTOCOPIA COMPLETA COTEXADA DA DECLARACIÓN DA RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS REFERIDA AO EXERCICIO 2016 OU SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN.
- DECLARACIÓN XURADA DAS DIFICULTADES QUE PRESENTA O ESTUDANTE INDICANDO A FINALIDADE Á QUE DESTINARÍA A BOLSA
- DECLARACIÓN XURADA ONDE SE INDIQUE SE SE PERCIBEN OUTRAS AXUDAS, PÚBLICAS OU PRIVADAS, PARA A MESMA FINALIDADE
- CERTIFICADO DA CONTA BANCARIA
- OUTROS DOCUMENTOS.

**SRA. VICERREITORA DO CAMPUS DE FERROL E RESPONSABILIDADE SOCIAL**

## COMPOSICIÓN COMISIÓN

### VICERREITORAS

#### **ARACELI TORRES MIÑO**

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

#### **MARGARITA AMOR LÓPEZ**

Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

### SECTOR ESTUDANTES

#### **DANIEL ROMERO GUTIERREZ**

Escola Politécnica Superior

### SECTOR P.A.S.

#### **SONIA MARÍA SEIJAS RAMOS**

Unidade de Atención á Diversidade

#### **MARÍA JESÚS CAÍNZOS LÓPEZ**

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social